

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: ACHEGA NOMINATIVA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS E VOLUNTARIAS DE PROTECCIÓN CIVIL DE AMES 2024 PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

EXPEDIENTE: 20045/2024

ANTECEDENTES DE FEITO:

Con data 27 de outubro de 2024 (R.E. 28428) a Agrupación de voluntarios e voluntarias de Protección Civil de Ames presentou solicitude de subvención nominativa para gastos correntes no exercicio 2024, solicitando a cantidade de 7.000€.

ANTECEDENTES DE DEREITO:

PRIMEIRO. Acreditación de que o beneficiario reúne todas as condicións establecidas para poder obter a subvención proposta.

Atendendo as declaracións presentadas na solicitude a entidade cumpre cos requisitos establecidos para acceder á condición de beneficiario dunha achega pública, nos termos establecidos no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 9 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDO. Motivos de interese público que xustifican o outorgamento da achega.

Que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que os municipios de máis de 20.000 habitantes deben prestar de maneira obrigatoria, por si ou asociados, os servizos de protección civil e de prevención e extinción de incendios (artigo 26.1, c); e, desde o ano 2017 a Agrupación de Voluntarios e Voluntarias de Protección Civil de Ames vén prestando estes servizos.

Que a Entidade colabora dende o ano 2017 co concello nas tarefas de recollida e control de animais domésticos, no dispositivo de prevención e extinción de incendios, vixilancia do Camiño de Santiago, ademais das funcións propias da agrupación/atención de emerxencias, eventos deportivos e culturais, etc.

TERCEIRO.- Razóns polas que non resulta posible ou conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

A Agrupación de Voluntarios e Voluntarias de Protección Civil de Ames foi creada O 29.06.2017, mediante a aprobación dun Regulamento de Protección Civil polo Pleno do Concello de Ames, sendo a única Agrupación que existe no término municipal. Así mesmo, no propio regulamento establecíase que o Concello dotaría nos orzamentos unha partida para facer fronte aos gastos da asociación.

Neste caso solicitan unha achega para garantir o funcionamento ordinario da Agrupación, de acordo co seguinte detalle:

Descrición do gasto.	Contía da achega solicitada	Outras achegas	Financiamento propio da entidade e outros recursos	CONTÍA TOTAL
Mantemento aval bancario	600€			600€
Tarxetas sim	180€			180€
Seguro motocicleta	432,46 €			432,46 €
Seguro dron	215,76 €			215,76 €
Material sanitario funxible	300€			300€
Materiais varios de emerxencias (lanternas, cascos, luvas, etc.)	1000€			1000€
Uniformidade e vestiario técnico	2.571,78€			2.571,78€
Petiscos e comidas	1000€			1000€

Descrición do gasto.	Contía da achega solicitada	Outras achegas	Financiamento propio da entidade e outros recursos	CONTÍA TOTAL
Mantemento motocicleta	300€			300€
Mantemento bicicletas	300€			300€
Ferraxaría	100€			100€
TOTAIS	7.000,00 €	0 €	0 €	7.000,00 €

Non declaran nin gastos nin a solicitude de subvencións para a mesma finalidade.

CUARTO.- Regulación da achega.

O plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025 recolle esta liña de subvencións.

Así mesmo, as bases de execución do orzamento fan referencia á subvención nominativa para a entidade para gastos de funcionamento, cuxo importe ascende a 7.000 euros.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		BENEFICIARIO		OBXECTO	IMPORTE
	CIF		Nome ou razón social		
135	48920	G70536693	Agrupación de voluntarios de Protección Civil Ames	Gastos de funcionamento 2024 (especial interese financiamento 100% dos gastos)	7.000,00

QUINTO.- Criterios tomados en consideración para determinar o coeficiente de financiamento.

O obxecto da subvención é o financiamento do equipamento necesario para o correcto funcionamento da Agrupación como; materiais varios de emerxencias, uniformidade e vestuario técnico, comidas dos voluntarios, ferraxería, mantemento de motocicleta e bicicleta, material sanitario funxible, seguros da motocicleta e do dron, tarxetas sim.

De conformidade co previsto na base 50ª das Bases de Execución do Orzamento Xerais do concello para 2024, o coeficiente de financiamento da subvención é de 100% do orzamento total dos gastos de funcionamento da Agrupación. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

	Importe do proxecto	Coeficiente de financiamento	Importe que se concede	Importe a xustificar
Gasto corrente	7.000,00 euros	100%	7.000,00 euros	7.000,00 euros
Total	7.000,00 euros		7.000,00 euros	7.000,00 euros

Polo servizo considerase adecuado que no convenio se regule a posibilidade de realizar un anticipo de ata o 100% do gasto subvencionable, de acordo co previsto no artigo 34 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións e nos artigos 45 a 49 do Regulamento Xeral de Subvencións, todo elo con carácter previo á xustificación unha vez asinado o convenio, como financiamento necesario para poder levar a cabo as súas actuacións.

SEXTO.- Constan xustificantes de que a entidade se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

SÉTIMO.- Consta informe favorable da secretaría e da intervención municipal.

Por todo o exposto, o Alcalde, en exercicio das competencias atribuídas polo art. 21.1 da LRBRL,
RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000,00 euros á Agrupación de Voluntarios e Voluntarias de Protección Civil de Ames (CIF G70536693), para o financiamento dos gastos de funcionamento da Agrupación, de acordo co seguinte:

	Importe do proxecto	Coefficiente de financiamento.	Importe concedido	Importe a xustificar
Gasto corrente	7.000,00 euros	100%	7.000,00 euros	7.000,00 euros

Segundo.- Aprobar o seguinte convenio:**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS E VOLUNTARIAS DE PROTECCIÓN CIVIL DE AMES 2024**

Ames, ____ de 2024

Dunha parte, **D. José Blas García Piñeiro**, con DNI 52454964Z, Alcalde-Presidente do Concello de Ames, ao que representa en virtude do que dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte, **D. Antonio Martínez Rodríguez**, con DNI 36159031H, actuando en representación da AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS E VOLUNTARIAS DE PROTECCIÓN CIVIL DE AMES (en diante, a Entidade) con CIF G70536693, e domicilio na Praza do Concello nº 2, Bertamiráns (Ames), na súa calidade de Presidente.

Intervenien ambos en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

I.- Que o Concello de Ames é competente na materia de protección civil e ten a vontade de colaborar coa Entidade para a garantir a continuidade na prestación do servizo de protección civil.

II.- Que o Concello de Ames consignou nos Orzamentos para o ano 2024 unha subvención nominativa de 7.000,00 euros para o seguinte proxecto:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO		OBJECTO	IMPORTE
	CIF	Nome ou razón social		
135	48920	G70536693 Agrupación de voluntarios de Protección Civil Ames	Gastos de funcionamento 2024 (especial interese financiamento 100% dos gastos)	7.000,00

III.- Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que os municipios de máis de 20.000 habitantes deben prestar de maneira obrigatoria, por si ou asociados, os servizos de protección civil e de prevención e extinción de incendios (artigo 26.1, c); e, desde o ano 2017 a Agrupación de Voluntarios e Voluntarias de Protección Civil de Ames vén prestando estes servizos.

IV.- Que a Entidade colabora dende o ano 2017 co concello nas tarefas de recollida e control de animais domésticos, no dispositivo de prevención e extinción de incendios, vixilancia do Camiño de Santiago, ademais das funcións propias da agrupación/atención de emerxencias, eventos deportivos e culturais, etc.

Polos motivos expostos, os comparecentes acordan subscribir o presente convenio regulador da subvención nominativa consignada nos Orzamentos Xerais do concello para 2024 para gastos de funcionamento, con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS:**Primeira.- Obxecto.**

O obxecto da subvención é o financiamento dos gastos de funcionamento da Agrupación tales como:

Gastos correntes: material para a loita contra incendios, materiais varios de emerxencias, uniformidade e vestuario técnico, comidas dos voluntarios, etc.

Non son gastos subvencionables a realización do obras, os intereses debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas ou penais nin os gastos de procedementos xudiciais.

Segunda.- Dotación orzamentaria.

O Concello de Ames, con cargo aos seus Orzamentos Xerais para o ano 2024 (aplicación orzamentaria 135.48920), financiará as actividades obxecto do presente convenio cunha cantidade de 7.000,00 euros.

Terceira.- Coeficiente de financiamento.

De conformidade co previsto na base 50ª das Bases de Execución do Orzamento Xerais do concello para 2024, o coeficiente de financiamento da subvención é de 100% do orzamento total dos gastos. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

	Importe do proxecto	Coefficiente de financiamento	Importe concedido	Importe a xustificar
Gasto corrente	7.000,00 euros	100%	7.000,00 euros	7.000,00 euros
Total	7.000,00 euros		7.000,00 euros	7.000,00 euros

Cuarta.- Vixencia.

O convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025. En todo caso, o ámbito obxectivo do convenio comprenderá todas as actuacións realizadas desde o 31 de xaneiro de 2024 ata o 31 de xaneiro de 2025.

Quinta.- Compatibilidade da subvención.

A presente axuda é compatible con calquera outra outorgada por entidades públicas ou privadas. En caso de existir outras axudas, deberá declararse o total dos fondos percibidos e validar e selar as facturas orixinais na Intervención do concello, deixando constancia da concreta subvención para a que serviron de xustificación e o importe imputado a cada unha desas axudas.

O importe da subvención concedida polo Concello en ningún caso será de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos, supere o custo da actividade subvencionada.

Cando a actividade se financiasse, ademais, con fondos propios deberá acreditarse a súa procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas no momento da xustificación.

Sexta.- Obrigas do beneficiario.

A Entidade, na súa condición de beneficiario da subvención, asume as seguintes obrigas:

1. Dotar os medios persoais e materiais axeitados para o cumprimento do convenio.
2. Cumprir coas obrigas legais e regulamentarias ás que dea lugar a realización do obxecto do convenio.
3. O beneficiario non poderá subcontratar a realización das actividades subvencionadas.
4. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ames, agás que se lle concedese excepcionalmente prórroga.
5. Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coas diferentes Administracións Públicas e coa Seguridade Social e co concello de Ames.
6. Someterse ás actuacións de comprobación e de control financeiro por parte da Intervención do concello.
7. Comunicar ao Concello a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie as actividades que se subvencionan.
8. Facer constar nas actividades subvencionadas a participación e colaboración do Concello de Ames.
9. Conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, co fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

Sétima.- Xustificación da subvención.

Para xustificar a subvención, a Entidade deberá achegar conta xustificativa da subvención, admitíndose gastos efectuados e pagados entre o 1 de febreiro de 2024 ao 31 de xaneiro de 2025 co seguinte contido:

I. DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO III)

Declaración responsable do representante de ter cumprida a finalidade da subvención, xunto cunha declaración contendo as actividades realizadas e financiadas coa subvención, o seu custo e as facturas abonadas.

Declaración responsable do representante contendo unha relación detallada das axudas e subvencións obtidas doutras entidades para a mesma finalidade. De non existir esas axudas, farase constar.

Declaración responsable do representante relativa á circunstancia de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Ames) e coa Seguridade Social.

Memoria da actividade financiada.

Declaración indicando se os importes en concepto de IVE son recuperables ou compensables pola entidade, en cuxo caso non serán subvencionables.

Declaración das subvencións ou ingresos, públicos ou privados, para a mesma finalidade de forma detallada. En caso contrario, deberá achegarse declaración de non ter outras subvencións, axudas ou ingresos públicos ou privados, para a mesma finalidade.

- DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DO GASTO REALIZADO, axustados aos conceptos subvencionados, segundo se indica:

Para a xustificación deberán presentar facturas orixinais, que cumpran os requisitos esixidos pola normativa de facturación. O IVE será subvencionable cando teña a consideración de gasto por non ser susceptible de recuperación.

Non será necesario no momento da xustificación que as facturas estean pagadas. Si ben no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a que se realice o pagamento da subvención por parte do concello, a entidade deberá presentar documentación acreditativa do pagamento dos gastos subvencionados. En caso de non facelo iniciárase expediente de reintegro.

A acreditación do pago das facturas, realizarase de acordo coas seguintes regras:

- Con carácter xeral empregaranse formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias,...) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcamento, etc.), e en todo caso para gastos non superiores a 150 €. Nos casos de pagos en metálico, deberá constar no documento xustificativo do gasto o "recibín" do perceptor no que conste o seu nome, NIF, domicilio, conformidade do provedor e sinatura.
 - Transferencia bancaria: copia ou extracto no que conste o seu número, entidade bancaria e data.
 - Talón bancario: copia na que conste o número de serie, entidade bancaria e data.
- **ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE FACER CONSTAR A COLABORACIÓN DO CONCELLO DE AMES NA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA.** Cando se trate de actividades realizadas con anterioridade á subscripción deste convenio, o beneficiario acreditará a publicidade do financiamento municipal.

O prazo para presentar a xustificación remata o 31 de xaneiro de 2025 (incluído).

De acordo co artigo 14.2a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas. Por tanto, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá presentar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Ames, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécense o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). Para ese efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando exixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que a xustificación presentada non se adecúe ao previsto no presente convenio, o Concello de Ames requirirá ao beneficiario para que nun prazo de 10 días emende as deficiencias advertidas. De non facelo, perderase o dereito á percepción subvención.

Oitava.- Pagamento da subvención.

O pagamento da subvención efectuarase anticipadamente ata o 100 % do importe da subvención, para o que non será necesario presentar garantía.

Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionable, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención foi cumprida, o importe inicialmente concedido reducirase ata alcanzar financiamento sobre o importe de gasto efectivamente xustificado.

Entenderase que a finalidade básica da subvención foi cumprida, se o gasto xustificado ascende, polo menos, ao 75 por 100 do orzamento inicialmente previsto. Se o gasto xustificado é inferior á devandita porcentaxe, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida polo que non se aboará cantidade ningunha sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.

Novena.- Reintegro.

O beneficiario procederá ao reintegro da contía concedida ao concello nos supostos de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidos para a concesión de esta subvención, e nos supostos do artigo 37 na Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e nos supostos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar ao reintegro das cantidades percibidas:

1. Incumprimento das cláusulas deste convenio.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os restantes supostos previstos no art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Órganos de control das achegas concedidas.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Cuentas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Décimo segunda.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvenciones e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.



Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

Décimo terceira.-Protección de datos.

1) Tratamento dos datos persoais das partes asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Respecto dos datos persoais sobre os que o Concello de Ames ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante este o acceso, rectificación, supresión, así como exercitar outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPd) mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

En canto aos datos persoais sobre os que a Agrupación de Voluntarios e Voluntarias de Protección Civil de Ames, ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPd a través de avpcames@gmail.com.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2) Tratamento de datos persoais no marco das actuacións de verificación previstas no Convenio

A base lexitimadora para o tratamento dos datos persoais que poidan ser facilitados para o adecuado seguimento do Convenio e a xustificación dos correspondentes gastos relativos ás actuacións que constitúen o obxecto do convenio, será o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento e o cumprimento dunha obriga legal, fundamentadas ambas no disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

As entidades beneficiarias obríganse a informar ás persoas interesadas, e previamente á facilitar os seus datos ao Concello, do tratamento dos seus datos persoais conforme ao establecido polo RXPd e a LOPDGD.

3) Deber de confidencialidade.

A Agrupación de Voluntarios e Voluntarias de Protección Civil de Ames deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para o desenvolvemento do presente Convenio. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

1. a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da execución do convenio e para as finalidades previstas neste;
2. a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, existindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore no desenvolvemento do convenio;
3. a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento do devandito acordo, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
4. a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que a Agrupación de Voluntarios e Voluntarias de Protección Civil de Ames acceda en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financieira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo de 5 anos desde o coñecemento desa información.

As persoas interesadas poderán solicitar ante este o acceso, rectificación, supresión, así como exercitar outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPd) mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>.

Décimo cuarta.- Sancións

En canto ás infraccións e sancións en que puidese incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Décimo quinta.- Natureza do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeneral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRHL, Lei 7/1985, de 2 de abril, RBRL e demais lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e na súa falta, as normas de dereito privado.

As resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa e polo tanto contra as mesmas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso - administrativa.

En proba de conformidade, ámbalas partes e na representación que ostentan asinan o presente convenio, no lugar e na data indicados no encabezamento.



O alcalde

O presidente da Agrupación de Voluntarios/as de
Protección Civil de Ames

A secretaria

ANEXO I
GASTOS SUBVENCIONADOS

Descrición do gasto.	Contía da achega solicitada	Outras achegas	Financiamento propio da entidade e outros recursos	CONTÍA TOTAL
Mantemento aval bancario	600€			600€
Tarxetas sim	180€			180€
Seguro motocicleta	432,46 €			432,46 €
Seguro dron	215,76 €			215,76 €
Material sanitario funxible	300€			300€
Materiais varios de emerxencias (lanternas, cascós, luvas, etc.)	1000€			1000€
Uniformidade e vestiario técnico	2.571,78€			2.571,78€
Petiscos e comidas	1000€			1000€
Mantemento motocicleta	300€			300€
Mantemento bicicletas	300€			300€
Ferraxaría	100€			100€
TOTAIS	7.000,00 €	0 €	0 €	7.000,00 €

ANEXO II
MEMORIA XUSTIFICATIVA DO GASTO

DATOS DO/DA PRESIDENTE/-A

Nome	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico:

Presidente/ a da seguinte asociación, e actuando na súa representación de (datos da entidade):

DATOS DA ENTIDADE

Nome	CIF

DECLARO:

- Que foron efectuadas as actividades financiadas coa achega concedida polo Concello de Ames no marco do convenio de colaboración asinado o _____, e que se acadaron os obxectivos propostos.

Descrición das actividades:

--

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625FPOSTO DE TRABALLO:
Alcalde
SecretariaNOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIJO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B0C256FF9FAC504BBA

--

Deberase describir, DE XEITO SUFICIENTEMENTE DETALLADO, as actividades levadas a cabo no exercicio, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non sexa suficiente, poderán empregarse os documentos adicionais necesarios, documentos que serán presentados xunto con esta solicitude.

- Que a entidade por min representada se atopa ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social e co concello de Ames, autorizando ao concello de Ames a comprobar as declaracións indicadas.
- Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS.

Expedidor da factura	CIF	Nº de factura	Data da expedición	Concepto	Importe
Total gastos		—			

- Que NON/SI (indicar o que proceda) se obtiveron ingresos para a mesma finalidade.

(No caso de que a resposta fose afirmativa deberá facer constar os ingresos no cadro seguinte).

INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE.

Subvencións.

Administración concedente/Outros-	Importe.-
Total	— €

Outros ingresos que financiaron a actividade.

Tipo de ingreso	Importe.-
Total	— €

- Que o IVE que consta nas facturas relacionadas SI/NO(indicar o que proceda) é recuperable.

Ames, ____ de ____ de ____
O/A representante da entidade.

Xunto coa conta xustificativa deberá achegar as facturas e demais documentos xustificativos do gasto.

Terceiro.- Autorizar e dispoñer o crédito por importe de 7.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 135.48920 do orzamento municipal de 2024.

Cuarto.- Ordenar o pagamento dun anticipo do 100% da subvención concedida sen necesidade de garantía.

Quinto.- Notificar a entidade beneficiaria para proceder á sinatura do convenio.

O alcalde

A secretaria



José Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo



HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C1689FC6B4BE9697BB9BF010C732
94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaría

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B0C256FF9FAC504BBA



DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERROS**EXPEDIENTE:** 20045/2024

Esténdoa eu, secretaria, para facer constar que no Decreto 3749/2024, hai un erro na redacción do punto cuarto da resolución, que queda corrixido do seguinte xeito:

Onde di:

“Cuarto.- Ordenar o pagamento dun anticipo do 100% da subvención concedida sen necesidade de garantía.”

Debe dicir:

“Cuarto.- Recoñecer as obrigas e ordenar o pagamento dun anticipo do 100% da subvención concedida sen necesidade de garantía, unha vez que sexa asinado o convenio por ambas partes.”

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

C.I.F.: P – 1500200 – I

HASH DO CERTIFICADO:
94794F5078E16456C017DD6EC026B3B160625F

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2250DAB641E9694183

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA